

Santalices: “Nada do que sucede na nosa contorna resulta alleo ao Parlamento”

- **O presidente do Parlamento clausurou un foro internacional universitario sobre os dereitos humanos no Camiño de Santiago**
- **Reivindica a riqueza lingüística e cultural de Galicia, pero advirte que ningunha destas realidades deberían ser usadas “xamais” como barreira**

Santiago, 23 de marzo de 2018.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices, clausurou este mediodía, no Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia da USC, o Foro Internacional Universitario *O valor dos dereitos humanos no Camiño de Santiago: potenciando o poder do turismo para promover o diálogo intercultural e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento*. Trátase dun proxecto pioneiro promovido pola Organización Mundial do Turismo (OMT), Helsinqui España e o Grupo Compostela de Universidades que reúne a máis de 110 estudantes de 19 universidades de 13 países de todo o mundo.

Santalices explicou que “nada do que sucede na nosa contorna resulta alleo ao Parlamento, máxime nesta etapa, na que estamos empeñados en abrir portas e xanelas da institución e multiplicar a súa presenza social e académica para facela máis próxima, máis coñecida e, se é posible, máis querida por parte da cidadanía que nos elixe e á que nos debemos”. Agregou que tanto no Parlamento de Galicia como nas restantes Cámaras “estamos necesitados das ideas e das achegas da xente nova, do colectivo universitario, como o que vostedes representan e no que reside o futuro da humanidade”.

Galegos, españois e europeos

O presidente da Cámara destacou a riqueza lingüística, cultural e histórica da Comunidade, pero apuntou que tanto estes como calquera outro elemento identificador “xamais deberían ser usados

como barreira. Ben ao contrario, sentímomos plenamente galegos, pero ese é tamén o noso xeito de reivindicar a nosa condición irrenunciable de españois e de europeos de pleno dereito”.

Santalices pronunciou a súa intervención en galego para enxalzar “o idioma propio de Galicia, unha das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma, un auténtico tesouro do que nos sentimos orgullosos e que cultivamos nun espírito de bilingüismo cordial, en harmonía”. Os congresistas puideron seguir a intervención por escrito nunha edición trilingüe (galego, castelán e inglés).

Recordou que no Paraninfo da Facultade de Xeografía da USC, Otero Pedrayo pronunciou hai 60 anos o seu discurso de despedida da aulas e o fixo en galego, empregando este idioma na universidade por vez primeira despois da Guerra Civil.

Unidade e diversidade

Explicou o presidente do Parlamento de Galicia que “esta forma nosa de nos relacionar e de ollar o mundo está intimamente relacionada co espírito europeo, perfectamente recollido no lema da UE, `Unida na diversidade´, que reflicte o dobre obxectivo da Unión: traballar conxuntamente a prol da paz e da diversidade, mais facelo respectando e potenciando a pluralidade de linguas, culturas e tradicións que compartimos e que enriquecen este vello continente”.

Referíndose aos obxectivos de desenvolvemento sustentable en torno aos que xira o foro que estes días se celebra en Santiago, Santalices Vieira sinalou que ningún deles resulta alleo ao Parlamento.

Turismo e diálogo intercultural

A xuízo do titular do Lexislativo galego, “Santiago de Compostela é probablemente, pola súa historia e pola súa condición actual, un dos lugares máis adecuados para abordar cuestións tan de actualidade como o poder do turismo para promover o diálogo intercultural”.



Recordou que, ao longo da historia, canda os peregrinos a Santiago, “circulou tamén a cultura nas súas diferentes manifestacións”, ata o punto de que Compostela e Galicia xogaron un papel “determinante” no proceso histórico de construción da cultura europea.

“A diferenza doutros contornos monumentais, unicamente frecuentados por turistas ávidos de *selfis*, en Santiago conviven realidades diversas que se complementan e enriquecen mutuamente”, afirmou Santalices. Recordou que “aquí conviven turistas, viaxeiros á vella usanza, persoas en proceso de introspección persoal e a forza intelectual proxectada por unha universidade cinco veces centenaria”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.